

























	Videoconferencia síncrona (p.e., no caso de titulacións conxuntas)
Semipresencial	Blended-learning. Redución da presencialidade dentro dun rango determinado pola universidade que se substitúe por actividades desenvolvidas a distancia (on-line)
A distancia	On-line. Aulas virtuais (plataformas Moodle, Blackboard, etc.)  Clases gravadas en vídeo.

As titulacións previstas no proxecto UNISF están chamadas a ter, en principio, un carácter presencial. A Rede Española de Axencias de Calidade Universitaria (REACU), aplicando as directrices de ENQA, define (Documento “Orientaciones” febreiro 2018) o ensino “presencial” como “aquele no que a interacción entre o profesorado e o alumnado require a asistencia de ambos nun determinado lugar e no mesmo tempo (presenza física e síncrona), onde *o lugar pode ser o mesmo ou tratarse de lugares conectados por tecnoloxías que permiten a interacción*” (énfase engadida). Nese contexto, para a REACU “as actividades formativas desenvolvidas a través de Internet, de modo sincrónico e interactivo, poderán equipararse ás actividades de tipo presencial. Para iso, a Universidade que imparte a formación debe garantir a calidade da conectividade da rede dun extremo a outro (profesor a estudantes), un sistema de control fidedigno da identidade do estudante e da súa presencialidade mentres se desenvolva a actividade docente, ademais dun calendario e uns horarios públicos previamente establecidos”. A articulación dos mestrados do proxecto UNISF busca apoiarse nesta definición extensa da noción de docencia presencial, que enfatiza o papel da videoconferencia síncrona respecto da docencia *face to face*.

Se tomamos un modelo tipo de mestrado (Cidades intelixentes) estruturado en tres semestres de 30 créditos ECTS (o primeiro obrigatorio, o segundo con optatividade e o terceiro de TFM) observamos que no primeiro semestre cada alumno vai cursar 5 UCs de 6 ECTS. So unha destas UCs será impartida pola universidade na que esté matriculado e na que se atope. As 4 UCs restantes serán impartidas mediante  por profesores de cada unha das restantes universidades que participan no título. Se adoptamos un módulo referencial de 7 horas de clase por crédito ECTS, o estudante vai recibir 210 horas totais de clase no semestre, das que 42 serán de docencia presencial *face to face* en aula e 168 de docencia presencial *mediante videoconferencia síncrona*.

Á luz destes datos -e de cara á formulación dun convenio e do ulterior regulamento de funcionamento dos estudos UNISF- **o Comité de Pilotagem debe decidir se opta por deixar un marco completamente aberto para que as Comisións Académicas determinen os niveis e formatos mínimos de presencialidade *face to face* dos títulos ou se vai establecer marxes de referencia relativos a esta cuestión.** A resposta a esta pregunta ten unha dobre implicación:

A primeira sobre o **modelo de ensino-aprendizaxe** posto que o Comité de Pilotagem debe dar orientacións sobre se prefire propiciar mestrados nos que o alumnado interaccione co docente, fisicamente na aula, só nunha quinta parte das horas lectivas do semestre ou ben opta por establecer un mínimo de presenza e interacción física en aula para todas as UCs e para todos o alumnos matriculados a través, por exemplo, da implantación dunha ou dúas semanas de docencia *face to face* intensiva, nunha sede única ao comezo do semestre, que reduza o 80% de docencia presencial mediante vídeo conferencia síncrona que está, en principio, previsto.

A segunda implicación desta decisión é a relativa á propia **acreditación do título** ao existir o risco de que o modelo docente baseado en vídeoconferencia síncrona poida ser considerado polas axencias acreditadoras coma docencia semipresencial ou a distancia. Neste sentido, hai que ter en conta o impacto do recente Decreto-Lei portugués n.º 133/2019, de 3 de setembro, sobre ensino superior ministrado a distancia, que é indicativo da crecente vontade de regular esta cuestión que amosan as autoridades legislativas e académicas. O ámbito de aplicación do Decreto-Lei son só os ciclos de estudos conferentes de grao (polo que afecta aos mestrados) e de forma sintomática o Decreto considera como «Ensino a distância», “o ensino predominantemente ministrado **com separação física** entre os participantes no proceso educativo, designadamente docentes e estudantes, em que: *i)* A interação e participação são tecnologicamente mediadas e apoiadas por equipas online de suporte académico e tecnológico” (artigo 3. *b)*. **Para o Decreto Lei, por tanto, deben ser calificados coma ensino a distancia os ciclos de estudo em que as unidades curriculares ministradas a distância correspondam a mais do 75 % do total de créditos.**

De cara á acreditación dos novos títulos de mestrado UNISF (que están a ser deseñados cun 80% de docencia impartida mediante vídeoconferencia síncrona) resultaría necesario realizar **a consulta coas respectivas axencias avaliadoras (A3ES, ACSUG)** a fin de confirmar que os títulos poderán ser acreditados como impartidos en modalidade presencial.

- **Normativa específica sobre docencia semipresencial.** Tomando en consideración as dificultades loxísticas (distancia entre campus) que plantean os títulos de mestrado UNISF, o deseño de títulos semipresenciais permitiría reducir a carga de horas lectivas presenciais (baixo formato *face to face* na aula ou mediante vídeoconferencia). A docencia semipresencial desenvólvese nas universidades parceiras, sen embargo, nun contexto de incertidume normativa e falta de regulación. Varias das universidades están a traballar no desenvolvemento de regulamentos que suplan este baleiro se ben, na actualidade, os referentes son escasos. Deixando aparte outros aspectos relevantes da cuestión (como a sistematización e cómputo das actividades non presenciais), debemos analizar só, nun primeiro momento, o problema básico de canta presencialidade mínima debe ter a docencia semipresencial.

As tres Universidades galegas carecen de norma xerais neste aspecto. A UTAD informa que o Despacho 1/RT – 2018 de 18 de xaneiro establece que “Em regime de ensino à distância, as horas de contacto das UC’s devem corresponder a 10% a 20% das horas totais de trabalho por UC.” Se tomamos coma referencia o estándar das 27 horas de traballo por crédito ECTS, a clase presencial nesta modalidade podería ser de 2,7 (3) a 5,4 (5) horas por crédito.

No Regulamento de Planificación académica aprobado en Consello de Goberno de decembro de 2019 a USC estableceu, a falta de normativa xeral, que “o encargo lectivo correspondente a cada materia de grao e mestrado impartida na modalidade semipresencial determinarase a partir das seguintes equivalencias en horas dos créditos ECTS: a) Ata 4 horas/ECTS de actividade presencial (docencia expositiva, interactiva, titoría en grupo reducido, actividades de avaliación). b) 4 horas/ECTS por actividades non presenciais, sempre que o número de alumnos/as matriculados sexa superior a 5, ou 2 horas/ECTS se o número de alumnos/as matriculados é igual ou inferior a esa cifra”. É dicir, a USC reduciu nesta modalidade docente á metade o número de horas de actividade en aula, respecto ás 8 que esixe para a docencia presencial ordinaria. Esta regulación corresponde a unha primeira aproximación do encargo docente, o que non impide outras posibilidades dentro do rango que aprobe a universidade.

Se tomamos como parámetro as **4 horas presenciais/crédito** (que poden inducirse a partir da práctica da UTAD e da USC) a carga de actividade presencial do primeiro semestre (30 ECTS) do mestrado tipo da UNISF (Cidades intelixentes) pasaría a equivaler a 120 horas.


**É importante prever, de cara á elaboración das memorias dos títulos, que en principio a avaliación das distintas UCs terá que facerse e computarse de xeito presencial.** Coma indica a REACU “os sistemas de avaliación deben asegurar o adecuado control da autoría das probas de avaliación, así como que as mesmas foron realizadas polo estudante sen axuda externa. Iso pode ser xustificado pola presencialidade do sistema de avaliación, ou ben por unha adecuada combinación de tecnoloxía e recursos humanos que permitan garantir a identificación dos estudantes e o control da contorna, para unha adecuada avaliación mediante a demostración da consecución dos resultados de aprendizaxe de cada estudante” (REACU, *Notas aclaratorias*, 15.1.2020).

- **Plataformas para docencia on line.** Tódalas universidades parceiras dispoñen de plataformas virtuais que adoitan ser empregadas como complemento da docencia presencial e tamén como soporte principal da docencia semipresencial e a distancia. A plataforma Moodle é a máis extendida posto que é a empregada por cinco universidades. A UMinho emprega Blackboard. Calquera das plataformas permite a incorporación de alumnos matriculados noutras universidades.


- **Avaliación da unidade curricular.** No caso das tres universidades portuguesas, a escala é de 0 a 20. As Universidades galegas, segun o art. 5 do RD 1125/2003, valoran nunha escala de 0 a 10. A equivalencia entre ambos os sistemas de cualificacións está definida na “Resolución do 18 de setembro de 2017, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se actualiza a relación de escalas de cualificación dos estudos ou títulos universitarios estranxeiros e as equivalencias ao sistema de cualificación das universidades españolas”, publicadas por Resolúcións do 21 de marzo de 2016 e do 20 de xuño de 2016. A conversión de cualificacións españolas ao sistema portugués ven establecida por Despacho n.º 28145-C/2008 da “Direcção- Geral do Ensino Superior do Ministério Dá Ciência, Tecnologia e Ensino Superior” de Portugal, do 29 de outubro de 2008.

**d) Mobilidade de estudantes e profesores.**

Un dos elementos esenciais que permiten configurar un programa conxunto entre varias institucións académicas é o da mobilidade de estudantes e docentes. Evidentemente, a definición do modelo de mobilidade que adopten as Comisións Académicas dos novos títulos da UNISF está relacionada coa estrutura dos títulos. Na perspectiva comparada, obsérvase a existencia de diversos modelos de mobilidade. Na guía do [proxecto JDAZ](#) (*Joint Programmes from A to Z*, financiado polo programa de *Erasmus Mundus*) se facilitan, a título de exemplo, catro esquemas de mobilidade en estudos conxuntos como se reflicte nas figuras seguintes.




Nun modelo 1 os estudantes móvense do socio A ó B e logo ó C cun programa formativo común; este formato xera un sentimento de colectividade entre os alumnos e todo é feito en conxunto, pero non permite a especialización.



No modelo 2 os estudantes empezan o programa todos xuntos no socio A e móvense posteriormente a outros socios B, C e D para unha 2ª mobilidade permitindo especialización e finalizan en calquera dos socios para o traballo de fin de mestrado

Modelo 2

No modelo 3, sen embargo, permítense varios camiños de mobilidade posto que os estudantes empezan en diferentes sitios con compoñentes comúns e conexións entre as universidades que envían e reciben estudantes con supervisión conxunta dos traballos de fin de mestrado.



E, finalmente, no modelo 4 os estudantes van a tódolos destinos nos 4 semestres que se establecen como referencia, comezando no destino A e logo a B no 2º semestre despois do cal poden escoller destino para realizar prácticas. No 2º curso empezan en C e no 2º semestre poden escoller calquera destino para completar o traballo fin de mestrado.

	1st Semester	2nd Semester	Internship	3rd Semester	4th Semester
--	--------------	--------------	------------	--------------	--------------

Partner A	X		X		X
Partner B		X	X		X
Partner C			X	X	
Partner D			X		X
Partner E			X		
Partner F			X		

Estes modelos serven como referentes que se inducen a partir das experiencias existentes a nivel comparado. Os parceiros da UNISF deben optar pois por crear un modelo propio en función de factores de análise fundamentais tales como os recursos orzamentarios disponibles, o número de alumnos matriculados, a duración do programa académico ou número de bolsas existentes ou a disponibilidad de prazas nas residencias universitarias. No UNISF, ademáis, a cuestión da mobilidade está intimamente ligada á definición da presencialidade ou semipresencialidade do modelo docente. Aínda que as Comisións Académicas dos títulos perfilarán os caracteres dos mesmos, o Comité de Pilotagem pode considerar se resultaría positivo para a formulación dos títulos a existencia dunhas orientacións mínimas sobre mobilidade.

Unha primeira fórmula podería consistir en que os estudantes cursasen obrigatoriamente un número de créditos noutra universidade. O Comité de Pilotagem podería establecer as condicións que debe reunir a mobilidade (número mínimo de créditos ou carácter transfronteirizo da mesma). Tendo en conta que os títulos conxuntos de mestrado UNISF non están a ser construídos sobre o modelo de que todos os parceiros imparten integramente todas as UCs dos planos de estudos -senón que, pola contra, se produce un reparto de materias entre as universidades participantes- o modelo tipo de mestrado previsto (Cidades intelixentes) prevé que as mobilidades estudiantís se concentren no segundo semestre, no que alumno ten que cursar 30 créditos optativos e cada universidade ofertar dúas UCs.

Unha segunda fórmula, vinculada ós apartados anteriores e ó sentido que se lle dea á propia noción de presencialidade, pasaría por vencellar as mobilidades ao establecemento dunha/dúas semana(s) de docencia *face to face* intensiva, en sede única, a comezos dos dous cuatrimestres docentes, o primeiro de materias obrigatorias e o segundo de UCs optativas. De optar o Comité de Pilotagem por recomendar ás Comisións Académicas o establecemento dunha solución desta natureza, incrementaríase de forma sensible a porcentaxe de docencia *face to face* dos títulos. Para o modelo tipo de mestrado (Cidades intelixentes), unha semana intensiva con 6 horas de clase diarias elevaría a ratio de docencia *face to face* por cuatrimestre do 20 % ao 29.1 %; con 7 horas ata o 33.4 %; e con 8 horas ata o 35.3 %. Loxicamente, se a modalidade do mestrado non fora presencial (7 horas de clase por ECTS) senón semipresencial (4 horas de clase por ECTS) as ratios de docencia presencial *face to face* serían aínda máis elevadas.



Unha terceira solución, subóptima porque practicamente priva da interacción *face to face* aos estudantes transfronterizos, consistiría en circunscribir a mobilidade só á realización do TFG no terceiro cuatrimestre.

O Comité pode valorar outras opcións (reunións ao principio de cada semestre, actividades conxuntas) relativas á configuración do modelo de mobilidade.

#### **e) Idioma.**

Con independencia dos requisitos específicos de idioma que se vaian a esixir para titulacións concretas (inglés, por exemplo, se se considera a impartición nesa lingua), a estrutura do proxecto UNISF obriga a adoptar, vía convenio, decisións previas sobre os idiomas oficiais dos títulos conxuntos. Desta forma, debera establecerse que as linguas española, portuguesa e galega (que son as oficiais das seis universidades parceiras) son oficiais dos títulos e poden ser empregadas por docentes e alumnos de xeito habitual. O recoñecemento da continuidade cultural entre Galicia-Norte de Portugal require facer explícito que as universidades parceiras non esixirán aos alumnos con competencias lingüísticas nativas en calquera destes idiomas unha certificación oficial de recoñecemento dos demais.

Alen diso, cabería valorar a inclusión da lingua inglesa, de modo total ou parcial, atendendo ó tipo de título e/ou materia pois no ámbito técnico científico é predominante e básico o seu uso para certas competencias profesionais.

Así mesmo, as Comisións Académicas deben decidir o nivel concreto do idioma esixible ós alumnos foráneos e ós propios docentes inmersos nas aulas do proxecto, un modelo pode ser unha proba, escrita e oral, de idioma concordada por todos e cas tres versións idiomáticas ou directamente remitir a certificados ou probas documentais pertencentes ó Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER).

#### **f) Tasas/propinas**

A determinación do custe da matrícula (propina) resulta con frecuencia un asunto dificultoso para a administración de programas conxuntos, debido ao feito de que as regulacións das taxas e prezos públicos se establecen a nivel nacional. En Portugal existe unha maior autonomía universitaria para o establecemento das propinas posto que son os consellos reitores de cada Universidade os que fixan anualmente os importes mentras que nas tres Universidades galegas son prezos públicos que anualmente veñen establecidos mediante un decreto, tamén de carácter anual, que adopta a Consellería de Educación da Xunta de Galicia para todo o Sistema Universitario de Galicia.

Concretamente, en España a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, establece no seu artigo 81.3.b), que os prezos públicos por estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional serán fixados por cada comunidade autónoma e estarán relacionados cos custos de prestación do servizo nos termos e porcentaxes que o dito artigo especifica. Pola súa parte, a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da

Comunidade Autónoma de Galicia, logo de definir no seu artigo 43 o concepto de prezos públicos, dispón, no seu artigo 47, que estes deberán ser regulados por norma con rango de decreto.

Na Universidade do Minho e para o presente curso académico 2019-2020, rexe o [Despacho RT-36/2018](#) que contén o Regulamento de Propinas da Universidade do Minho. Na [Universidade do Porto](#), a propina a aplicar aos estudantes está de acordo con a Alteración ao Regulamento de Propinas da U. Porto, regulamento nº 693/2019. En cuanto á [Universidade de Tras-os-Montes e Alto Douro](#), o [Regulamento 770/2016](#) é a norma aplicábel neste ámbito e clarifica no seu sitio Web os valores de propinas para o ano lectivo de 2019/2020.

En tódalas universidades existe unha diversidade de prezos públicos/propinas, en función das características dos estudos cursados, por exemplo nos mestrados, en función de se son habilitantes ou non e tamén da natureza da docencia que implican. Sen embargo, o que pode resultar un obstáculo ~~para~~ o proxecto UNISF non é tanto isto coma o feito de que entre másters ou doutoramentos semellantes (poñamos en Dereito, Económicas ou Matemáticas) se produzan diferencias significativas no importe das propinas. De darse esta circunstancia, o establecemento dun título conxunto entre as seis universidades podería conducir a un desprazamento das matrículas cara á institución con propinas máis baixas.

	Nacionais e comunitarios	Internacionais
UDC	1300 aprox. (CC.Sociais e Xurídicas)	2399
USC		3700
UVIGO		1649,50
UMINHO	Entre 1250 e 1750 (Anexo 2, Dereito)	
UTAD	1019	1250
Uporto	1250	3000-6000

Nas universidades galegas, para os másters non habilitantes para o exercicio dunha profesión existen dous prezos públicos: os do Epígrafe A: Ciencias, Ciencias da Saúde, Enxeñaría e Arquitectura, e o Máster universitario en Xestión do Desenvolvemento Sostible (prezo por 1 crédito ECTS 31,36 €); os do Epígrafe B: Arte e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas, prezo por 1 crédito ECTS 21,61 €. A universidade establecerá, mediante resolución reitoral debidamente motivada, os prezos que abonará pola matrícula en estudos de grao e máster o alumnado estranxeiro maior de dezoito anos, que non teña a condición de residente, con exclusión daquelas persoas que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou a quen lle sexa de aplicación o réxime comunitario. Estes prezos oscilarán entre o 25 % e o 100 % do custo de referencia fixado para cada unha das epígrafes da tarifa primeira do anexo deste decreto.

Para o ano lectivo 2018/2019, o valor base (indicativo) da propina/taxa anual para os mestrados na U.Porto será de 1.250 euros (+1,95 euros de seguro escolar). No caso dos estudantes abrangidos polo Estatuto do Estudante Internacional (EEI), o valor da propina/taxa anual é definido por cada facultade da U.Porto (de acordo com o custo real do curso) e varia entre os 3.000 euros e os 6.000 euros, podendo ser aplicada una redución de até 50% na propina/taxa paga pelos estudantes nacionais dos estados que

integram a CPLP - Comunidade de Países de Língua Portuguesa (Angola, Brasil, Cabo Verde, Guiné-Bissau, Guiné Equatorial, Moçambique, São Tomé e Príncipe e Timor-Leste).

Na Uminho o montante é de 871,52 € para os mestrados do Anexo 1 e se sitúa nun arco que vai de 1250,00 € e 1750,00 € para os mestrados do Anexo 2 (onde están, entre outros, os de Dereito e Economía e Gestao). Na UTAD a propina no mestrado é de 1019 € para nacionais e equiparados e de 1.250 € para internacionais.

No ámbito dos doutoramentos o problema se agrava ao existir máis distancia entre os importes medios de matrícula. Así na UPorto e na UMinho unha propina media está en torno aos 2750 €. Na UTAD a maioría dos doutoramentos teñen un importe de 1250 €. No Sistema Universitario de Galicia as propinas para doutoramento son inferiores de xeito que o alumno abona só 200 € en concepto de titoría anual e 32 €/crédito polos cursos ou complementos formativos nos que se inscriba.

### 3. Resumo executivo dos puntos de converxencia relevantes para a definición dos títulos.

Estructura dos títulos de máster e doutoramento.

- Extensión. Mestrado de 90 ou 120 créditos ECTS. Doutoramentos de 180 créditos ECTS a tempo completo.
- Estructura das unidades curriculares (UCs). 5 ou 6 créditos ECTS.
- Traballo de Fin de Master/Dissertação de Mestrado. Obrigatorio de 30 créditos ECTS.
- Prácticas/Estágios. Incorporación da UC Estágio cun carácter, en principio, opcional.

Xestión das titulacións.

- Matrícula mínima por curso e normativa de permanencia. Existen diferencias entre a regulamentación dos distintos parceiros se ben non é previsible que estas dificulten o funcionamento dos títulos conxuntos. Nestes ámbitos suxírese a remisión á normativa interna de cada universidade e non a elaboración dunha regulación unificada ad hoc, que incrementaría os custes burocráticos do proxecto.

Modelo de docencia

- Presencialidade. Número de horas de docencia presencial en 1 crédito ECTS. Pese ás diferencias entre os parceiros, pódese establecer a efectos regulatorios, para a definición de titulacións no marco UNISF, unha referencia común de 7 horas. A carga de traballo non presencial situaríase entón nas 20 horas por cada crédito ECTS.
- Normativa específica sobre docencia semipresencial. Pese a ser moi escasa nas universidades parceiras, os antecedentes que existen converxen en establecer que a carga de clase presencial nesta modalidade debe ser de 4 horas por crédito ECTS, en vez das ordinarias 7.
- Plataformas para docencia on line. Compartidas, con carácter xeral, entre as universidades, con predominio Moodle.
- Avaliación da unidade curricular. As escalas de avaliación varían pero xa está establecido normativamente un modelo de equivalencia.

#### 4. Identificación de elementos que precisan de decisións académicas específicas para a implementación de novos títulos.

O marco normativo e prácticas administrativas das diversas universidades do proxecto UNISF van condicionar a definición dos títulos que se poidan propoñer e tamén delimitan o marco regulador específico que debe articularlas como parte do WP1 (Regulamento e Convenio tipo). Non obstante, hai unha serie de cuestións que do estudo preliminar realizado poden xerar problemas ou provocar un mal funcionamento das titulacións que consideramos que deben ser sinalados coa finalidade de que unha **mellor definición inicial axude a unha maior axilidade na xestión, menos obstáculos e máis garantías para os/as estudantes e uns títulos con máis atractivo.**

Por este motivo consideramos que **o Comité de Pilotaxe debería con carácter previo ao deseño e acreditación das titulacións valorar e tomar decisións**, cando menos, **sobre as seguintes cuestións**, que despois serían recollidas no Regulamento, Convenio e nas memorias dos títulos que se deseñen.

##### Xestión de titulacións

1. **Calendarios de matrícula.** Notables diverxencias nos calendarios dos parceiros. Se suxire debatir o establecemento dun calendario de matrícula unificado para títulos conxuntos UNISF.
2. **Condicións de acceso** aos estudos de segundo e terceiro ciclo. Non existe ningún entrave regulatorio xeral que impida a implantación de títulos conxuntos. Non obstante, o sistema portugués de acceso, tanto a segundo como a terceiro ciclo, introduce un elemento de flexibilidade superior ao español ao permitir suplir a ausencia dos títulos ordinarios de acceso pola aportación dun currículo escolar, científico ou profesional que demostre a capacidade para realizar o ciclo de estudos. Se ben o mecanismo é excepcional, podería ser convinte debatir se o Comité de Pilotagem debe invitar ás Comisións Académicas a excluir esta posibilidade das condicións específicas de ingreso ós títulos a fin de tomar coma referencia a normativa máis estricta vixente entre os parceiros co obxectivo de evitar dificultades futuras de xestión.
3. **Proceso de admisión.** Admisión conxunta pola comisión académica ou fixación de cupos por universidade tendo en conta que este último sistema pode provocar desigualdades no acceso (ex. estudantes admitidos con peores notas que os que queden fóra noutras universidades). Posibilidade de que os estudantes soliciten o acceso de forma múltiple en todas as universidades que oferten as titulacións conxuntas ou non. Esta solución pode provocar unha innecesaria sobrecarga burocrática no sistema de acceso.

##### Modelo de docencia

4. **Modalidade de docencia presencial ou semi-presencial das titulacións** á vista dos límites legais que existen nos dous países para cada tipo de modalidade. Nos deseños preliminares dos mestrados realizados polas Comisións Académicas o peso da vídeoconferencia síncrona no total da docencia presencial recibida polo alumno acadou o 80 % do total. O Comité de

Pilotagem pode valorar a conveniencia de dar orientacións (ou non) sobre este aspecto e sobre a necesidade (ou non) de incrementar a docencia presencial *face to face* en aula.

5. **Conveniencia ou non de que o estudiantado conviva físicamente nalgún momento dos estudos cursando conxuntamente algún módulo/materia** para reforzar o sentimento de universidade sen fronteiras.

Mobilidade.

6. **Establecemento (ou non) por parte do Comité dunha esixencia mínima de mobilidade estudiantil durante a realización do título conxunto e eventual definición do formato que pode adoptar esa mobilidade.**

Lingua.

7. **Linguas docentes das titulacións.** Sería recomendable que, con independencia de que a memoria de cada título poda incorporar outras linguas, se recollan as oficiais das 6 universidades (portugués, galego, castelán) como linguas nas que se pode impartir docencia nos títulos e realizalas actividades docentes.

Taxas/Propinas.

8. **Harmonización entre todas as universidades das taxas/propinas tanto para os estudantes de dentro da UE, como para os que acceden desde fóra da UE.** Singularmente no caso das universidades galegas iso debería conducir a negociar coa Xunta de Galicia como se contempla esta oferta académica no Decreto anual de taxas da Consellería de Educación.